

2. Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18393 *REAL DECRETO LEI 10/2007, do 19 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas intensas tormentas de chuvia e vento e inundacións que afectaron a Comunitat Valenciana durante os días 11 a 19 do mes de outubro de 2007. («BOE» 254, do 23-10-2007.)*

Durante os días 11 a 19 do mes de outubro intensas tormentas de chuvia e vento descargaron gran cantidade de auga sobre a Comunitat Valenciana, provocando numerosos estragos materiais e a morte dunha persoa como consecuencia directa destes feitos.

Estes sucesos afectaron con especial gravidade a provincia de Alacant, onde se rexistraron precipitacións de máis de 400 litros por metro cadrado nalgúns puntos. Concretamente, no municipio de El Verger as augas desbordadas do río Girona provocaron graves danos en infraestruturas municipais e en vivendas particulares, debendo lamentar mesmo a morte dunha persoa anciá que se encontraba no momento da inundación no seu domicilio. Nesta localidade numerosos veciños tiveron que ser desaloxados das súas casas, ante a imposibilidade de habitalas a curto prazo, debido á importante afectación que produciron as inundacións nas vivendas, con perda, en moitos casos, da totalidade do enxoval doméstico.

Igualmente, no municipio de Beniarbeig as chuvias torrenciais orixinaron que a forza das augas do río Girona derrubase parcialmente a ponte que une ambos os lados da localidade, orixinándose inundacións de tal envergadura que obrigaron algúns veciños a se refuxiaren nos tellados das súas vivendas, de onde tiveron que ser rescatados mediante helicópteros.

Por último, dentro da provincia de Alacant, cabe citar tamén os danos sufridos nas localidades de Calpe, Els Poblets e Xàbia, así como estragos de diversa consideración en municipios da provincia de Valencia, tales como Almussafes, Enguera, Lloc Nou de Sant Jeroni e Sumacàrcer.

Os feitos descritos orixinaron graves danos en infraestruturas de titularidade municipal, así como en bens de titularidade privada, tanto inmobles destinados a vivenda como establecementos comerciais e explotacións agrícolas e gandeiras.

No marco do Estado autonómico en que España se constituíu, as distintas administracións territoriais, en uso das competencias que teñen asumidas, deron resposta inmediata á situación de emerxencia presentada, non obstante isto foi necesario o apoio da Administración xeral do Estado co fin de garantir a vida e seguranza dos damnifica-

dos polo temporal, mobilizándose para iso medios da Unidade Militar de Emerxencias, que constituíron un posto de mando avanzado na localidade de El Verger, para colaborar nas tarefas necesarias para restablecer a normalidade na zona máis afectada polas inundacións.

Así mesmo, dentro do mesmo marco de cooperación e de colaboración interadministrativa, o Ministerio do Interior dispón dunha liña de axudas destinadas a situacións de natureza catastrófica, de aplicación permanente, dirixidas a aboar axudas de carácter inmediato a persoas que sufriron danos persoais ou nas súas vivendas e no enxoval. Estas subvencións alcanzan tamén corporacións locais que levaron a cabo actuacións de emerxencia, tales como limpeza de vías públicas, desobstrución da rede de sumidoiros, evacuación e aloxamento de damnificados e outras de similar carácter que se realicen, co fin de garantir servizos públicos necesarios para salvagardar a vida e a seguranza das persoas. Por último, e en menor medida, as axudas alcanzan a establecementos comerciais e comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

Non obstante o anterior, e debido á natureza dos danos producidos, faise necesario emprender reparacións ou reposicións de infraestruturas de titularidade municipal, para o cal se debe habilitar unha liña de axudas para tal fin, xestionada polo Ministerio de Administracións Públicas, que, unidas ás anteriormente expostas, perseguen, en definitiva, favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación de danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polas inundacións.

Neste sentido, tamén é destacable a grave afección sobre o dominio público hidráulico do Estado, así como nas zonas pertencentes ao dominio público marítimo-terrestre; para estes efectos a Administración estatal deberá emprender aquelas medidas de protección e restauración necesarias.

O obxectivo, por tanto, desta norma, é aprobar, con carácter urxente, un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuir as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas e particulares afectados.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas citadas tormentas e inundacións nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, sendo compatibles co mercado común este tipo de axudas, de conformidade co establecido no artigo 87.2.c) do Tratado da Comunidade Europea.

Tendo en conta que estas continxencias non teñen cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e coa incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPÕO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas tormentas de chuvia e vento, e inundacións que afectaron

a Comunitat Valenciana durante os días 11 a 19 do mes de outubro de 2007.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos cales concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior.

2. Para os efectos destas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos cales, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

Artigo 2. *Subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais.*

1. Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación a que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, e á rede viaria das deputacións provinciais, aplicaráselles o trámite de urxencia, e o Estado poderá concederlles unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

2. Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propor o pagamento das subvencións establecidas no punto anterior, na parte que financia a Administración xeral do Estado, ata o importe dos danos producidos neste ámbito, con cargo ao crédito extraordinario que, con carácter incorporable, se habilite nos orzamentos do dito departamento, de conformidade co establecido no artigo 50.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Artigo 3. *Danos nas restantes infraestruturas públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que estes departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan. Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras indispensables que deberán executar tales departamentos para reparar os danos directamente causados polas inundacións en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

Serán obxecto de indemnización os danos causados polos sucesos obxecto deste real decreto lei nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de Seguros Agrarios, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non finalizase o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións sempre e cando o agricultor contratase o seguro correspondente a esas producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados sobre producións non incluídas no vixente Plan Anual de Seguros, excepto que as producións afectadas

estivesen garantidas por un seguro non incluído no Sistema de Seguros Agrarios Combinados.

Estas indemnizacións irán destinadas aos titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30 % da produción, de acordo cos criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoebles correspondentes ao exercicio de 2007 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos feitos descritos, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles asentados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou os danos en explotacións agrarias constitúan sinistros non amparables por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2007 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa das inundacións e das tormentas de chuva e vento, e sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciuse o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio da actividade, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2006.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre aqueles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes a este exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A aplicación dos beneficios fiscais anteriores será levado a cabo polos concellos, a pedimento dos afectados, e logo de comprobación de que estas solicitudes cumpren os requisitos establecidos no artigo 1 e nos dous primeiros puntos deste artigo.

6. Estará exenta das taxas da Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos, solicitadas como consecuencia dos danos producidos, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados por estas causas.

7. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

8. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 9.

Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as

previsións contidas no punto 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o punto 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto aos cales se refire a Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, pola que se desenvolve, para o ano 2007, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 7. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición deste período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo segundo as circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traían a súa causa inmediata nos feitos aos cales fai referencia o artigo 1 deste decreto lei, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de ata un ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos meses de outubro, novembro e decembro de 2007.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se é o caso, os xuros de demora, as recargas e custas correspondentes. Se o que tiver dereito á devolución fose debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes coa Seguridade Social na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar dos servizos públicos de emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas as hidráulicas, as estradas e, en xeral, calquera que resultase afectada polos feitos a que fai referencia este real decreto lei.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 9. *Axudas por danos en vivendas, e a particulares por danos persoais e materiais.*

Ás axudas persoais por falecemento, a particulares por danos en vivenda habitual e enxoval de primeira necesidade, así como ás comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal e titulares de establecementos industriais, mercantís e de servizos, seralles de aplicación o procedemento de concesión previsto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril.

Artigo 10. *Axudas ás corporacións locais por gastos de emerxencia.*

1. Ás subvencións que conceda o Ministerio do Interior a entidades locais por gastos de emerxencia, seralles de aplicación o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, por este concepto. Non terán por obxecto as reparacións ou reposicións de carácter infraestructural recollidas no artigo 2 deste real decreto lei, non obstante o cal se poderán subvencionar aquelas actuacións inaprazables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refire este artigo, se levasen a cabo co fin de garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais e para garantir a vida e seguranza das persoas.

2. Para estes efectos, establécese un prazo dun mes para a presentación das solicitudes das axudas a que fai referencia o punto anterior, e das recollidas no artigo 9 deste decreto lei, o cal empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación, no «Boletín Oficial del Estado», da orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, sen prexuízo da continuación da tramitación dos procedementos de concesión destas axudas que se iniciasen con posterioridade á finalización dos feitos causantes.

3. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo e no anterior financiaranse con cargo aos créditos 16.01.134M.482 e 16.01.134M.782 «Transferencias correntes e de capital a familias e institucións sen fins de lucro para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia» e 16.01.134M.461 e 16.01.134M.761 «Transferencias corren-

tes e de capital a corporacións locais para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

4. O financiamento das axudas concedidas en aplicación do establecido nos capítulos V e VI do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, levarase a cabo con cargo aos créditos que, para estes efectos, se habiliten no programa 134 M do orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 11. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos de mediación, para o que solicitará a colaboración das entidades de crédito con implantación na Comunitat Valenciana, coas cales subscribirá os oportunos convenios de colaboración.

O importe global da liña de préstamos determinarase nas disposicións que se diten en desenvolvemento deste real decreto lei, unha vez completada a avaliación dos danos. A Delegación do Goberno na Comunitat Valenciana e o Consorcio de Compensación de Seguros remitiránlle ao Instituto de Crédito Oficial a relación das empresas, físicas ou xurídicas, potencialmente beneficiarias desta liña de préstamos, con expresión da súa identificación e do importe máximo dos danos avaliados.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, gandeiras e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia das inundacións, e das tormentas de chuvia e vento, materializaranse en operacións de préstamo concedidas por estas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno na Comunitat Valenciana, ou subdelegación do goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se establecerán por iniciativa das comunidades autónomas respectivas.

b) Prazo: cinco anos, incluído 1 de carencia do principal.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50 por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 2 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia: seis meses contados desde a data de publicación da norma que aprobe a dotación económica da liña.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo será levada a cabo polo Instituto de Crédito Oficial, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta, dous, 2, alínea a, do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebrantamento que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50 por cento será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 12. *Axudas para reposición de vehículos automóbiles.*

No caso de danos en vehículos automóbiles que ocasionasen a declaración de sinistro total deles, poderase conceder unha axuda de 1.000 euros para a súa reposición, sempre que esta se produza no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Estas axudas atenderanse con cargo aos créditos que para estes efectos se habiliten no programa 134 M «Protección Civil» do orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 13. *Comisión Interministerial.*

1. Créase unha Comisión Interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, coordinada polo director xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada por representantes dos ministerios de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, así como polo delegado do Goberno na Comunitat Valenciana.

Participarán igualmente na comisión un representante do Consorcio de Compensación de Seguros e outro do Instituto de Crédito Oficial.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei será levada a cabo pola comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunitat Valenciana, a través da Delegación do Goberno nesa comunidade.

Artigo 14. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. As valoracións de danos a que se refiren os artigos 9 e 11 deste real decreto lei serán efectuadas polo Consorcio de Compensación de Seguros, cando así o solicite previamente o delegado do Goberno na Comunitat Valenciana ou subdelegado do Goberno do territorio afectado.

2. O Consorcio terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que este consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderán transmitir entre eles os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

Artigo 15. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder por outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

O financiamento do custo das medidas contidas neste real decreto lei concretarase nas disposicións de desenvolvemento desta norma, unha vez coñecida a valoración dos danos producidos.

Disposición adicional terceira. *Danos en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras que executará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para reparar os danos causados en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia.

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional quinta. *Actuacións do Ministerio de Vivenda.*

Para completar as axudas de urxencia previstas no artigo 9 deste real decreto lei, o Ministerio de Vivenda poderá subscribir acordos da Comisión Bilateral de Seguimento do Convenio de Colaboración subscrito coa Comunitat Valenciana para a aplicación do Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. O financiamento das axudas para reparación, rehabilitación e reconstrución das vivendas que resultasen gravemente danadas polos sucesos descritos, efectuarase nos termos que se conteñen para estas axudas nas disposicións do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e financiaranse con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c).2 e 83.3 do real decreto antes citado.

Disposición adicional sexta. *Fitosanidade dos cultivos afectados.*

De conformidade co artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, cualifícanse de utilidade pública as medidas de loita contra pragas que se poidan adoptar nos cultivos afectados para restablecer a normalidade fitosanitaria, cando estas medidas sexan necesarias á luz dos seguimentos e controis de pragas efectuados.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 23.^a e 29.^a da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais e de maior protección que adoptase ou poida adoptar a Comunitat Valenciana.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as

disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18395 *REAL DECRETO 1361/2007, do 19 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, en materia de supervisión do reaseguro, e de desenvolvemento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en materia de factores actuariais.* («BOE» 254, do 23-10-2007.)

I

A Directiva 2005/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2005, sobre o reaseguro e pola que se modifican as directivas 73/239/CEE e 92/49/CEE do Consello e as directivas 98/78/CE e 2002/83/CE, establece un marco de supervisión prudencial para as actividades de reaseguro na Unión Europea.

A Lei 13/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, en materia de supervisión do reaseguro, incorpora ao dereito interno a Directiva 2005/68/CE naqueles aspectos que requirían rango legal. Pero a incorporación da directiva exige, ademais, a modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, ao recoller este determinados aspectos afectados pola norma comunitaria.

Na incorporación da Directiva 2005/68/CE ao dereito español de seguros débese ter presente que a lexislación española sobre ordenación e supervisión dos seguros privados optou no seu momento por aplicarlles «mutatis mutandis» ás entidades reaseguradoras o réxime das entidades de seguro directo. Por iso, a transposición dun réxime comunitario de entidades reaseguradoras que segue nas súas liñas básicas a normativa de seguro directo non introduce cambios substanciais na regulación española sobre o reaseguro. Máis ben a transposición implica completar e sistematizar a regulación actual sobre a supervisión do reaseguro.

Neste sentido, modifícase o contido do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados para recoller, entre outros aspectos, a reserva de estabilización dentro da enumeración das provisións técnicas, así como os cambios na regulación desta reserva, a aptitude para os efectos de cobertura de provisións técnicas das cantidades que resulten recuperables de entidades con labor especial, os límites específicos de diversificación e as